

Maruja Álvarez

Cando Elisa era pequena tiña complexo de caracol porque cada vez que prendían o seu pai e lle precintaban o bar, o resto da familia tiña que coller as cousas e marchar a Santa María, á casa da súa tía. Non foron poucas as veces que detiveron a Jesús González, o *Suma y sigue*, alcumado así polo nome do seu primeiro bar. Xa cando do golpe mandárono a San Simón ata maio do 37. E apenas un ano despois, en xuño do 38, volveu ser acusado de agochar ao asasino do falanxista Secundino Esperón. Desde aí ata ao seu intento de fuga en 1948 foron múltiples as súas entradas e saídas de prisión. As entradas eran provocadas pola súa continuada actividade antifranquista. As saídas, pola boa relación da familia da súa muller co novo réxime.

“A miña nai era dunha familia de Ourense de moita categoría. O meu pai non, e sen embargo eu prefería á familia do meu pai. Os outros eran moi ricos pero chegabas alá e non te deixaban falar cos nenos da aldea, só podías xogar cos que a avoa dicía”. [Elisa González, filla de Maruja Álvarez..]

Jesús González era fillo de Benigno González, un cultivador de viño da zona do Ribeiro,. Foi paseando pola estrada na súa bicicleta como coñeceu a María Dolores Álvarez, ou Marujiña, que foi como el lle chamou toda a vida. Marujiña, a maior de once irmáns, nacera en Santa Baia de Alfeoz (Celanova) pero foi criada en Reza, unha parroquia da capital ourensá por un cóengo tío da súa nai. Cando



coñeceu o *Suma*, tiña un mozo de moitos cartos pero desoíndo os consellos dos seus pais, deixouno para casar co home da bicicleta, de quen namorara. Contou coa bendición do cóengo, que foi o que oficiou o enlace.

Marujiña e o *Suma* tiveron catro criaturas, pero a primeira das nenas morreulle moi nova e puxéronlle o seu nome á máis pequena.

“De nena dábame aquel que o meu nome estivera xa en varias tumbas: na da miña avoa paterna, que se chamaba Elisa González e na da miña irmá, que tamén se chamaba igual ca min. Eu ía ao cemiterio e vía as tumbas co meu nome e dábame non sei que”. [Elisa González, filla de Maruja Álvarez..]

Elisa só tiña dous anos cando foi do golpe militar. Ademais do bar, o *Suma* tiña camións para facer transportes e un taxi, ou como se lle chamaba entón, un coche de punto. Segundo conta a súa filla, foron algúns dos seus camións os que utilizaron os republicanos para os traslados realizados no intento de defender o goberno civil dos sublevados. Cando o golpe triunfou, o *Suma* marchou para Ourense pero axiña foi arrestado e levado a San Simón onde permanecería ata maio.

“Había un curmán da miña nai, un irmán de Camilo Gil, o que foi secretario de Quiroga Palacios, que sacou o meu pai moitas veces do Lazareto. Unha vez díxolle á miña nai:

- Marujiña, dille a Jesús que non faga outra porque van coller represalias contra nós, que se están dando conta de que somos os que o estamos quitando do cárcere...” [Elisa González, filla de Maruja Álvarez.]

Marujiña e Manuela, a súa filla maior, foron varias veces ao Lazareto, ver o *Suma*. Elisa era moi pequena e alí non foi, pero si lembra ver o seu pai entre reixas no cárcere da actual Audiencia:

“Trouxérono do Lazareto para o cárcere vello e eu lembro que un tío do meu pai, que estaba no exército, me levaba a velo. Púñame nos ombreiros e mirábámolo por unha reixa pequeniña, onde agora é o Palacio de Xustiza. Aínda hai agora unha ventá na parte de atrás que é tal como aquela por onde o víamos entón (...) Cando os trasladaron ao cárcere novo ata saíu na prensa que foron todos camiñando co colchón ás costas. Alí pegaban unhas tundas!!! Ao meu pai, que estaba recomendado pola familia da miña nai, non, pero outras persoas levaban a roupa chea de sangue”. [Elisa González, filla de Maruja Álvarez .]

Os días de prisión non lograron poñer fin á actividade política do *Suma*, que durante máis dunha década loitou contra a ditadura de todas as formas posíbeis. Foi acusado, entre outras cousas, de agochar a Antonio Fandiño, implicado no



asasinato do falanxista Secundino Esperón. Os expedientes franquistas recollen que así o confesou o avogado de Sanxenxo Alfonso Vega antes de ser fusilado en decembro do 36. Declarou que Jesús González e outras tres persoas (Ricardo Villamil, Desiderio Gómez e Juan Manuel Gómez Corbacho, asasinado nos sucesos de Salcedo) trasladaron a Fandiño nun coche propiedade do Suma e agochárono primeiro no bar Grove e despois nunha casucha en Compolongo. Posteriormente, sacárono da cidade e a volta foron tiroteados pola Garda Civil, recibindo o coche do *Suma* varios impactos que levou a reparar a Vigo.¹

Por estes feitos, o *Suma* comparecería en comisaría en xullo do 38, apenas un ano despois de abandonar o Lazareto. Aquel sería só o primeiro de moitos períodos en prisión provocados pola súa intensa actividade política: O *Suma* organizaba reunións clandestinas na súa casa, e no segundo bar, o *Leiriña*, tiña unha imprenta na que tiraba publicidade antifranquista, que tamén repartía el. Unha e outra vez entraba en prisión e unha e outra vez saía grazas a intervención da súa influente familia política:

“O meu pai tiña unha imprenta clandestina e para ela preparou agochos no *Leiriña*. A miña nai penso que o sabía pero eu non. Tamén facía reunións *equis* días á noite (...) A familia da miña nai quitouno de moitos apuros e todo o mundo dicía se o meu pai sería un confidente porque sempre saía do cárcere e ademais porque a el nunca lle pegaban...” [Elisa González, filla de Maruja Álvarez.]

Pero a situación complicóuselle. A presión policial era cada vez máis abafante, os seus compañeiros desconfiaban del polas súas continuas saídas do cárcere, onde o trato aos presos era totalmente insoportábel, e ademais, a familia da súa muller empezaba a estar farta de ter que axudarlle. Iso tamén provocaba pelexas con Marujiña, que máis dunha vez lle pediu que deixase a política. Por iso, en agosto de 1948 falou con outros compañeiros de prisión e decidiron fuxir de España.

“O meu pai saíra en liberdade provisional e tiña que ir firmar. Reuniron cartos entre tódolos presos e o meu pai quitou todo o que tiña no banco excepto mil pesetas, que eran moito daquela, para que a miña nai as usara como quixera. Pero ela nunca as tocou. “Ata que non veña papá, eses cartos non se tocan”, dicía e ao final quedou o banco con eles”. [Elisa González, filla de Maruja Álvarez.]

O *Suma*, conta a súa filla, gañara moitos cartos coa empresa de transportes pois a maioría dos clientes non querían outro chofer nas viaxes longas, sobre todo a Madrid ou a Barcelona. O plan era mercar un barco vello e cruzar o océano rumbo a América, pero antes, cos preparativos, tivo que pasar un tempo oculto:

“Levaba un tempo agochado porque non fora firmar e andábano buscando. Tiñamos uns veciños estupendos e durmía alí, na casa do veciño. Na nosa casa tiñamos un faiado moi grande cun buraco na parede tapado por un moble



enorme. Por aí pasaba á casa dun militar, que a muller era practicante e moi amiga nosa. De alí pasaba a outra casa, que tiña unha horta, e por alí entraba á casa onde durmía. Non sei cantos días botaría alí, vinte días ou máis. Alí durmía e na nosa casa estaba polo día. Lembro que o fillo desa familia pasaba moito tempo na nosa casa e como o meu pai era moi neneiro xogaba moito con el. Dicianlle: 'vas a casa xogar con Emilio?' Que era o meu irmán. E el dicía non non con Emilio non, con Milucho... tivemos que dicirlle que o meu pai se chamaba así para que non dixera que estaba con Jesús e o descubrira. E alí estaba, comía con nós e todo". [Elisa González, filla de Maruja Álvarez.]

Elisa tiña catorce anos cando o seu pai marchou e lembra perfectamente o día:

"Acórdome de papá o día que marchou como se o estivera vendo agora. Deixara crecer o bigote, que nunca tivera, e saíu na bicicleta con sombreiro e con gafas de sol, pero se lle coñecía igual, que tan pronto saíu, unha veciña berrou: 'Aí vai o *Suma!*' E iso que ela era medio chosca. Non o fixo por mal. Díxoo con alegría porque como levaba tempo escondido..." [Elisa González, filla de Maruja Álvarez.]

Ese último día despediuse no garaxe, de Marujiña e da súa filla Elisa. Manolita, que xa non vivía na casa, non chegou a tempo:

"Díxonos que estiveramos tranquilas que nos ía mandar recado, que tiñan xente que se preocupaba por eles. Díxolle a miña nai que non se preocupara por nada, que lle ía mandar novas, que igual tardaba un tempo porque o barco era vello e tardarían en facer a viaxe pero que estivera tranquila que ía con xente moi boa". [Elisa González, filla de Maruja Álvarez.]

O plan era que os fugados chegasen, cada quen polo seu lado, a Cangas, punto onde ían coller unha barca que os levara ata o buque, atracado en alta mar. Foi Emilio, o fillo do *Suma*, quen mercou o billete a Cangas e subiu ao tren. Pero baixou na estación do Figueirido, ata onde fora o seu pai na bicicleta, e despois o *Suma* continuou en tren ata Cangas co billete do fillo, que colleu a bici en Figueirido para facer a viaxe de volta.

O *Suma* chegou sen problema ata o punto acordado en Cangas e permaneceu agochado entre os campos de millo, mais pasaba o tempo e non aparecía ningún. Agardou ata que chegou a noite, e como non viñan, foi a unha casa, dixo que se lle avariara o coche e pediu que lle deixaran chamar por teléfono. Desde alí chamou ao seu amigo Ángel Arosa, o construtor que lle fixera a casa:

-Angelito, estou no sitio pero aquí non aparece ninguén e teño medo de que me atopen.

Ángel Arosa marchou ao almacén onde tiña as estadas e a ferramenta toda. Pedíulle ao vixiante que lle enchese un camión con ferro e todas as trapalladas que



tivera e, cando así llo fixo, sen preguntar, colleu o camión e foi en busca do *Suma*. Cando chegou a Cangas tentouno convencer de que non marchase...

-Xa estamos no 48, isto non pode durar.

-Pero levo días sen cumprir a condicional.

-Non ten que ver, estás un tempo máis no cárcere pero estás coa familia.

O *Suma* a Ángel facíalle moito caso pero daquela volta dixo que non, que se comprometera, que xa dera os cartos e todo.

-Vente Suma, oh, que te levo a casa e aquí non pasou nada.

-Ai non Ángel, non vou. Que ultimamente nos tratan moi mal no cárcere, que a familia da miña muller xa non quere saber nada de min, que xa están mosqueados...

A partir de aí, segundo explica Lita García, filla do construtor, o seu pai levou ao *Suma* ata Noia e alí apareceu unha barca cun home só. O *Suma* baixou do camión e antes de marchar, Ángel escoitou que lle preguntaba ao home do barco:

-E o resto?

-Van por outro camiño.

-Dixéronme que ían estar aquí.

-Non. Xa están alá, cara ás Cies.

Ángel Arosa foi o último que veu o *Suma* con vida. Durante moito tempo a familia non soubo que foi del.

Pasaran varias semanas cando un garda civil chegou a casa de Marujiña cunha tarxeta do coche do punto do *Suma* e no reverso, un texto breve do seu puño e letra: *Yo bien, busca chófer.*

Á familia recibiu un par de tarxetas máis e despois o silencio. Co paso dos anos comezaron a chegar os rumores. Que se o *Suma* estaba no Río, que se comezara a saír cunha mulata e xa tiñan fillos.

“Houbo un momento en que nós criamos o da mulata. Un home así, tanto tempo... Daquela o meu pai tería uns cincuenta anos. Pero a miña nai nunca o creu, ela dicía: pode que me deixara a min,-porque discutían moito pola política-,



pero aos fillos non. Por nada do mundo perde o voso pai o contacto con vós”
[Elisa González, filla de Maruja Álvarez.]

Durante toda a vida, Marujiña agardou que o seu home volvera, ata case tolear. A principios dos anos 50 o seu fillo Emilio marchou ao Brasil a tentar atopalo, pero fracasou:

“Ela estaba moi esperanzada e eu dicíalle, mamá, mira que Brasil é moi grande, igual non está en Río... Nunca volvemos saber nada do meu pai. Un día un chofer que era un borrachón dixo: Xa pode esperar polo Suma, que ao Suma o raptaron, o botaron á auga e comérono os cangrexos... e así foi”. [Elisa González, filla de Maruja Álvarez.]

Co paso dos anos, xa morta Marujiña, un sobriño de Elisa que era funcionario de prisións investigou a desaparición do avó e concluíu que o asasinaron o mesmo día que marchou de Pontevedra:

“Foi ese mesmo día que mataron o meu pai. Firmou as tarxetas que nos mandaron alí mesmo, na barca, e logo asasinárono. Atáronlle unha pedra ao pescozo e tirárono ao mar vivo. Un garda civil que viña a casa, que se criara co meu pai, foi quen trouxo as tarxetas. El sabía o que había”. [Elisa González, filla de Maruja Álvarez.]

Elisa non ten dúbidas sobre as conclusións do seu sobriño. Pensa que o seu pai lle entregou os cartos do barco a un garda de asalto, dos moitos que asistían as reunións políticas no *Leiriña*, e que foi el quen o traizoou:

“Houbo un dos gardas que se fixo rico da noite á mañá. Ía as reunións porque se supón que era roxo pero logo vendeuno. El era da miña aldea e alí se soubo que se fixera rico de súpeto. El era o esquiro!” [Elisa González, filla de Maruja Álvarez.]

Marujiña Álvarez, que nunca soubo desta información e nunca creu no abandono do *Suma*, pasou a vida buscando por el.

“A miña nai ata foi a bruxas que lle dicían que o meu pai estaba vivo. Había unha de Vigo que lle dicía que estaba ben pero que había moito mar polo medio (...) Ela morreu con 65 anos e ata o último día estivo agardando por el. Sempre esperou que volvесе o Suma e púxose mal... daquela non sabiamos o que tiña, despois soubemos que era bipolar e cando foi do meu pai tivo un gran brote. Un día estaba feliz e ao outro xa non quería vivir”. [Elisa González, filla de Maruja Álvarez.]

A idea do matrimonio era que o *Suma* volvera cando se calmasen as cousas, ou reunirse todos con el no Brasil se lograba facer fortuna alí, pero non foi así. Tras a



súa desaparición pecharon o *Eiriña* e complicouse a situación económica da familia. Tanto, que Marujiña foi falar cos profesores do *Minerva* para dicirlle que non lle podía seguir dando escola ás criaturas:

“No *Minerva*, os profesores eran tan boas persoas que cando a miña nai foi quitarnos ao meu irmán e a min porque non podía pagalo, dixéronlle que de ningunha maneira nos quitaba con todo o que lles axudara o *Suma*. Montaran ese colexio porque a todos lles quitaran o seu traballo e o meu pai para axudar, meteu alí a todos os nenos, ata aos sobriños... leváralles moitos alumnos e eles estaban moi agradecidos”. [Elisa González, filla de Maruja Álvarez.]

Para facer algúns cartos, Marujiña traballou nunha froitería que lle montaron na Praza da Ferrería uns amigos seus, os Domínguez, antigos clientes do *Suma*. Recibía ademais moita axuda dunha irmá súa que lle traía desde Ourense, xamón, chourizos, touciño e mesmo algúns cartos, e co tempo as dúas fillas tamén axudaron. A maior, Manolita, empregouse nun taller de tecer dunha familia moi falanxista, e a pequena, Elisa, fíxose mestra:

“Tiña que dar os 26 puntos da Falanxe e os sabía de corrido, basta que fora filla de... Non é que sufrira a represión pero a xente sinalábate. Cando era moza tiña un pretendente que era tenente coronel da Mariña. Gustábame moito pero non quixen mocear con el porque sabía que non podía... eu era unha roja e el un mariño de familia ben. Un día díxenlle que non volvera. Arrepentinme de non dicirlle porqué...”. [Elisa González, filla de Maruja Álvarez.]

Pero nin as renuncias, nin os anos co pai na cárcere nin o complexo de caracol fixeron que deixara de admirar nunca ao *Suma*.

“Nunca sentín vergoña de que estivera no cárcere, nin de moi meniña, aínda que non entendía porqué... Logo souben o dos panfletos, o das reunións pero nunca tiven sensación de que estivera facendo algo malo”. [Elisa González, filla de Maruja Álvarez.]